

Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas

Orde do 28 de xullo de 1992 de desenvolvemento do Decreto 142/1992, do 5 de xuño, sobre subvencións a fondo perdido para rehabilitación de vivendas familiares no medio rural de Galicia.

O Decreto 142/1992, do 5 de xuño, constitúe o novo marco normativo polo que se regula a concesión de subvencións para rehabilitación de vivendas familiares situadas no medio rural.

A súa disposición derradeira primeira faculta o conselleiro de Ordenación do Territorio e Obras Públicas a dictar, no marco da súa competencia, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do referido decreto.

En uso da referida autorización,

DISPOÑO:

Artigo 1º

A presente orde regula as axudas, que, con cargo á partida presupostaria 006.050.331A.781, concederá o Instituto Galego da Vivenda e Solo en materia de rehabilitación de vivendas unifamiliares no medio rural, de conformidade co establecido no Decreto 142/1992, do 5 de xuño.

Artigo 2º

Para efectos do determinado no artigo 3 do Decreto 142/1992, enténdese:

1.—Por ingresos familiares, a contía da base ou das bases impositibles do solicitante e dos demais membros da unidade familiar no período impositivo, que, unha vez vencido o prazo de presentación das declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas, sexa inmediatamente anterior ó momento da presentación da solicitude.

2.—Por ingresos familiares ponderados, os resultantes de lles aplicar ós ingresos familiares o correspondente coeficiente de ponderación segundo a seguinte fórmula:

Ingresos familiares ponderados = ingresos familiares × coeficiente de ponderación.

Aplicaranse os seguintes coeficientes de ponderación en función do número de membros da unidade familiar no momento da presentación da solicitude:

Número de membros da unidade familiar	Coeficiente de ponderación para aplicar
1	1
2	0,95
3-4	0,90
5-6	0,85
Máis de 6	0,80

3.—Os galegos residentes no estranxeiro que opten por acreditar que os seus ingresos ponderados non exceden de 2,5 veces o salario mínimo interprofesional no seu país de residencia, acreditarán a súa existencia e contía, por certificación da agregadoría laboral correspondente ou delegación consular da representación diplomática española no país onde se obteñan as rendas salariais e, de non existir regulación legal que permita establecer ese salario legal mínimo ou similar, os distintos niveis de ingresos familiares ponderados multiplicaranse polo coeficiente correspondente de entre os que a continuación se indican:

Países	Coeficientes
Estados Unidos, Noruega, Suecia e Suíza.	0,43
República Federal de Alemaña, Bélxica, Francia, Holanda, Austria, Italia, Dinamarca, Luxemburgo, Australia, Canadá e Reino Unido.....	0,67
Restantes países.....	1,00

Os ingresos consignaranse na moeda propia do país no que se obteñan e o cálculo do seu contravalor en pesetas obterase aplicando o primeiro cambio oficial fixado polo Banco de España para o comprador no mercado de divisas no ano seguinte ó que se refiran os ingresos.

Artigo 3º

Para efectos do disposto no artigo 5º do Decreto 142/1992, determínase:

1.—O catálogo de traballos e prezos máximos é o que figura no anexo I da presente orde.

2.—Os importes mínimo e máximo do presuposto proxectible cifranse nas cantidades de 350.000 e 1.800.000 pesetas, respectivamente.

Artigo 4º

Para os efectos previstos no artigo 6 do Decreto 142/1992, determínase:

1.—Como modelos, os que figuran no anexo II da presente disposición.

2.—Como documentos que deben acompañar a solicitude das axudas, os seguintes:

a) Fotocopia do DNI e do NIF do solicitante.

b) Memoria descritiva de tódalas obras que se pretenden realizar de entre as incluídas no art. 4 do devandito decreto e xustificación de que estas se adaptan á tipoloxía tradicional da zona. Terá que ser subscrita polo solicitante, e polo técnico correspondente cando as obras precisen dirección facultativa.

c) Fotografías actuais de tódalas fachadas da vivenda e das partes que se van rehabilitar.

d) Copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ó exercicio inmediatamente anterior ó momento da solicitude ou, de non estar obrigado, certificación de non ter presentado a declaración da renda das persoas físicas do correspondente exercicio, expedido pola Administración de Facenda.

No suposto dos emigrantes, a xustificación dos ingresos familiares efectuarase mediante copia da declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada en España, ou da similar presentada no país onde presten os seus servicios, autenticada, se é o caso, pola agregadoría laboral correspondente ou delegación consular de España.

e) Certificado municipal de situación da vivenda segundo o disposto no artigo 1 do Decreto 142/1992.

f) A residencia nos últimos tres anos dentro do termo municipal onde está situada a vivenda para rehabilitar acreditarase mediante certificación do padrón municipal de habitantes.

g) Informe técnico municipal de que as actuacións de rehabilitación que se soliciten están conformes coa legalidade urbanística vixente neste municipio.

h) Documentos que acrediten que o solicitante é o propietario da vivenda que se vai rehabilitar.

i) Documentación acreditativa da antigüidade da vivenda.

3.—As solicitudes asinadas polos galegos residentes no exterior da Comunidade Autónoma poderán presentarse nas entidades galegas dos lugares de residencia que teñan recoñecida a galeguidade ou estean consideradas como colaboradoras, as cales deberán remitilas en todo caso á Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas.

Esta secretaría xeral remitirá as solicitudes á Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo que corresponda en función da localización da vivenda.

Será preceptivo o informe da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas para toda solicitude presentada polos galegos residentes no exterior.

Artigo 5º

Para os efectos do sinalado no artigo 13 do Decreto 142/1992, o prazo de presentación de solicitudes comenizará o día seguinte ó da publicación da presente orde.

Artigo 6º

En uso da autorización contida na disposición adicional do Decreto 142/1992, as porcentaxes das subvencións previstas no artigo 5º do devandito decreto incrementáanse nunha cantidade equivalente ó 20% do presuposto protexible para aquelas vivendas que, cumpridos os demais requisitos, se atopen situadas nalgunha das entidades de poboación polas que discorre o Camiño Francés de Santiago, que figuran no anexo III da presente orde.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Única.—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 1992.

José Cuíña Crespo
Conselleiro de Ordenación do Territorio
e Obras Públicas

ANEXO I

Nº ORD.	ACTUACIÓNS	UD.	PREZO MÁXIMO
Actuacións con protección especial			
I.—Acabamentos de fachada segundo a tipoloxía da zona			
E026	Cachotería con espesor de polo menos 25 cm.....	m ²	12.000
E029	Peza especial de pedra labrada, dintel, peana, perpiaño, bufarda, lumieira, escudo, etc. O prezo desta unidade xustificarse mediante presuposto específico.....	Ud	Para xustificar
E030	Pintura impermeable en fachadas, descontaranse os ocos.....	m ²	1.000
E031	Selado de xuntas en fachadas con argamasa de cemento branco coloreado segundo o tipo de pedra da zona.....	m ²	1.100
E052	Enfoscado mestreado e alisado en paramentos verticais exteriores pintado con pintura impermeable.....	m ²	2.200
E053	Limpeza de fachadas de pedra con agua ou con area a presión.....	m ²	800
E055	Repicado de enfoscados en fachadas.....	m ²	700
II.—Carpintería exterior segundo a tipoloxía da zona			
E054	Pintura ou restauración de carpintería exterior.....	m ²	3.000
E056	Porta de balcón con contra de madeira para pintar ou vernizar, incluso ferraxes de colgar, seguridade e acristalamento.....	m ²	31.000
E033	Porta de balcón de aluminio lacado ou PVC incluído acristalamento...	m ²	24.000
E034	Elemento singular de ferro forxado, balcón, reixa, ferraxe, etc., de acordo coa tipoloxía da construción. O importe xustificarse mediante presuposto específico.....	Ud	Para xustificar
E035	Porta de entrada á vivenda de madeira maciza, para vernizar ou pintar, incluídos ferraxes de colgar e seguridade.....	Ud	60.000
E057	Porta de entrada á vivenda de aluminio lacado ou PVC incluído acristalamento.....	Ud	54.000
E036	Ventá con contra de madeira para vernizar ou pintar incluso ferraxes de colgar, seguridade e acristalamento.....	m ²	32.000
E032	Ventá ou galería de aluminio lacado ou PVC incluído acristalamento..	m ²	25.000
E037	Elemento singular de madeira como galerías, balcóns, etc. O importe xustificarse mediante presuposto específico.....	Ud	Para xustificar
Outras actuacións			
III.—Obras dirixidas a garanti-las condicións hixiénico-sanitarias e de habitabilidade			
001	Arqueta de rexistro.....	Ud	12.000
002	Encanamento de formigón.....	m	2.500
004	Fosa séptica con capacidade para unhas 10 persoas sempre que se garantan as condicións mínimas de salubridade.....	Viv.	115.000
006	Lavabo (incluídas billas con conexión á rede de auga fría e quente e desaugadoiro).....	Ud	21.000
008	Bañeira (incluídas billas con conexión á rede de auga fría e desaugadoiro)	Ud	23.000
009	Bidé (incluídas billas con conexión á rede de auga fría e quente e desaugadoiro).....	Ud	18.000
010	Inodoro (incluída conexión á rede de auga fría e desaugadoiro).....	Ud	35.000
011	Quentador de auga de 10 litros.....	Ud	35.000
012	Acometida xeral de auga.....	Viv.	24.000
013	Instalación de desaugadoiro para lavadora automática ou lavalouza....	Ud	5.600
014	Depósito de auga con capacidade de mil litros que non sexa visible desde o exterior.....	Viv.	54.000
015	Rede interior de auga fría e quente.....	Viv.	75.000
058	Instalación interior de gas.....	Viv.	15.000

N.º ORD.	ACTUACIÓNS	UD.	PREZO MÁXIMO
IV.—Cubertas segundo a tipoloxía da zona			
019	Cubrición de estrutura de cuberta con tella curva. Medición en planta	m ²	3.200
020	Cubrición de estrutura de cuberta con lousa. Medición en planta.....	m ²	4.500
048	Cubrición de estrutura de cuberta con tella plana para reparación de cubertas feitas anteriormente con tella plana.....	m ²	3.200
021	Cano vertical de pluviais PVC ou metálico pintado de 110 mm de diámetro	m	2.500
022	Cano horizontal.....	m	2.500
023	Formación de vertentes de cuberta con estrutura de madeira ou mediante forxa de formigón armado. O elemento de cubrición deberá ser según a tipoloxía tradicional da zona.....	m ²	5.000
024	Cuberta de tella curva completa. Inclúese a estrutura de soporte (madeira, fibrocemento, etc.) e o material de cubrición.....	m ²	8.200
025	Cuberta de lousa completa. Inclúese a estrutura de soporte (madeira, fibrocemento , etc.) e o material de cubrición.....	m ²	9.500
V.—Acondicionamento térmico, illamentos e estanqueidade da vivenda			
039	Formación de cámara de aire con fábrica de ladrillo e illamento interior	m ²	1.800
041	Dobre acristalamento con vidros incoloros, cámara e selado con xunta plástica.....	m ²	8.300
042	Instalación completa en vivenda de calefacción.....	Viv.	525.000
NOTA: o prezo da unidade 042 está calculada para unha superficie habitable de 100 m ² e mantense por superficies maiores. En caso de menor superficie o prezo reducirase da seguinte forma:			
$\frac{\text{Superficie habitable} \times \text{prezo}}{100}$			
044	Unidade de acumulador eléctrico para tarifa nocturna.....	Ud	72.000
VI.—Mellora das instalacións eléctricas e adecuación ó regulamento de baixa tensión			
045	Instalación de rede eléctrica en vivenda, totalmente terminada, incluso acometida e mecanismos de protección conforme os vixentes regulamentos. Grado de electrificación medio.....	Viv.	275.000
NOTA: O prezo desta unidade está calculado para unha superficie de 100 m ² útiles e mantense para superficies maiores. No caso de menos superficie habitable o prezo reducirase da seguinte forma:			
$\frac{\text{Superficie habitable} \times \text{prezo}}{100}$			
VII.—Adaptación da vivenda para uso de minusválidos			
046	Adaptación da vivenda para uso de minusválidos. Supresión de barreiras arquitectónicas conforme a normativa vixente.....	Viv.	Para xustificar
VIII.—Supresión de elementos engadidos			
047	Obras que se realicen para a eliminación de elementos non tradicionais (plaquetas, fibrocemento, etc.), engadidos á edificación.....	Viv.	Para xustificar
NOTA: O importe xustificarse mediante presuposto específico.			

N.º ORD.	ACTUACIÓN	UD.	PREZO MÁXIMO
IX.—Acabamentos interiores			
049	Porta de paso en madeira pintada ou vernizada incluídas ferraxes de colgar e seguridade.....	Ud	18.000
017	Chan con pavimento cerámico ou terrazo pulido e abrillantado con rodapé	m ²	3.100
018	Obra con azulexo. Medición descontaranse os ocos.....	m ²	3.000
050	Chan con madeira incluído rodapé.....	m ²	4.000
059	División interior a base de tabicón de ladrillo enfoscado. Para a creación de novos aseos dentro dos límites da edificación existente.....	m ²	2.400
X.—Reforzo e substitución parcial de elementos estruturais, quedando excluídas as reconstrucións totais das casas en ruína ou como consecuencia de demolicións e baleirados da edificación primitiva.			
051	Reparacións de estruturas, substitución e reforzo de elementos estruturais	Viv.	Para xustificar

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE V.R.1



CONSELLERÍA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO
E OBRAS PÚBLICAS

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A FONDO PERDIDO PARA
REHABILITACIÓN DE VIVENDAS FAMILIARES NO MEDIO RURAL DE GALICIA

(Decreto 142/1992, do 5 de xuño da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas).

Exemplar para a Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo

SOLICITANTE	NOME E APELIDOS		
	DOMICILIO, RÚA, PRAZA:		DNI/NIF:
	PARROQUIA:		MUNICIPIO:
	DISTRITO POSTAL:	PROVINCIA:	TELÉFONO:
	INGRESOS FAMILIARES:		N.º DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:
	COEFICIENTE DE PONDERACIÓN APLICADO:		INGRESOS FAMILIARES PONDERADOS:
VIVENDA QUE SE VAI REHABILITAR	SITUACIÓN, RÚA, PRAZA:		PARROQUIA:
	MUNICIPIO:	PROVINCIA:	DISTRITO POSTAL:
	<input type="checkbox"/> A vivenda está situada no Camiño Francés de Santiago		

REPRESENTANTE	NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL:		
	DOMICILIO, RÚA, PRAZA:		DNI/NIF:
	PARROQUIA:		MUNICIPIO:
	DISTRITO POSTAL:	PROVINCIA:	TELÉFONO:

COMPROMISOS	<p>O solicitante comprométese a destinala vivenda a morada habitual e permanente. Destinará as axudas á finalidade para a que foron concedidas e permitirá as inspeccións que en calquera momento se poideran realizar. O que subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas reguladas polo Decreto 142/1992, do 5 de xuño, da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas e declara que reúne as condicións necesarias para acceder a elas, e SOLICITA a concesión da subvención prevista, e DECLARA que tódolos datos que figuran no presente impreso son certos.</p>
-------------	--

N.º DE EXPEDIENTE:
DATA DE ENTRADA: / /
DATA DE EFECTOS: / /
DATA DE SAÍDA: / /

RECIBÍN:
REVISADO E CONFORME:

a de de 199
(Sinatura do/da solicitante)